



## RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE PARTICIPACIÓN NOS PROXECTOS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA EN DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA PARA OS CENTROS DOCENTES DE TITULARIDADE PÚBLICA DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL DURANTE O CURSO ACADÉMICO 2019/2020

O 14.01.2020 publicouse a Resolución da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se convoca a participación en proxectos de innovación educativa en dinamización lingüística para os centros docentes de titularidade pública da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional durante o curso académico 2019/2020 e se establecen as bases reguladoras para realizalos.

O artigo 2 desta resolución determina que entre todos os proxectos presentados se seleccionarán cinco, que terán a consideración de excelentes. Cada un deles recibirá unha dotación económica de 2 000 euros, así como o apoio e asesoramento na fase de elaboración e desenvolvemento do proxecto e a difusión das experiencias e dos materiais educativos producidos a través da rede e do Portal da Lingua Galega.

A situación excepcional provocada pola pandemia da COVID-19 supuxo a adopción dunha serie de medidas preventivas en materia de saúde pública, entre elas o peche dos centros educativos desde o 16 de marzo de 2020. Así, o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de marzo de 2020, estableceu, respecto dos centros de ensino non universitario, a suspensión de todo tipo de actividade lectiva, así como os servizos educativos complementarios (comedor, transporte e servizo de madrugadores); de todas as viaxes de estudos, excursións ou desprazamentos de grupos de alumnado ou de profesorado; e de festivais, galas ou actividades que impliquen a reunión de alumnado.

O Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, mediante o que se declarou o estado de alarma en todo o territorio (prorrogado mediante os reais decretos 476/2020, do 27 de marzo; 487/2020, do 10 de abril; 492/2020, do 24 de abril; 514/2020, do 8 de maio e 537/2020, do 22 de maio) estableceu, así mesmo, a suspensión da actividade educativa presencial en todos os centros. Porén, segundo a última das prórrogas, as administracións educativas poderían dispoñer o reinicio das actividades presenciais no ámbito educativo non universitario e da formación.

De acordo co sinalado nela, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional publicou a Resolución do 22 de maio de 2020, pola que se reinicia a actividade lectiva presencial no curso escolar 2019-2020, se determinan as instrucións para o que resta do presente curso e se adoptan medidas de prevención e hixiene para a reapertura parcial nos centros de ensino non universitario dependentes da consellería. En concreto, retomouse a actividade lectiva presencial con carácter voluntario para o alumnado de segundo curso de bacharelato e para os segundos cursos de formación profesional de grao superior e de grao medio, tanto en réxime ordinario como na educación para adultos, desde o 25 de maio ata o 19 de xuño.

Por mor desta situación excepcional xerada como consecuencia da COVID-19 (con ausencia de clases presenciais do 16 de marzo ao 25 de maio e cun retorno posterior á actividade lectiva presencial por un período de tempo moi reducido, unicamente en determinados niveis e con carácter voluntario), resultou imposible desenvolver os proxectos de innovación educativa en dinamización lingüística presentados ao abeiro da convocatoria citada, dada a tipoloxía da gran maioría das súas actividades e o calendario establecido.





**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE  
CULTURA E TURISMO

Secretaría Xeral de Política Lingüística

galicia

Por todo o anterior, RESOLVEMOS:

1 Deixar sen efecto a convocatoria de participación en proxectos de innovación educativa en dinamización lingüística para os centros docentes de titularidade pública da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional durante o curso académico 2019/2020.

Co obxecto de que os centros non se vexan máis prexudicados polos efectos da pandemia, os proxectos presentados ao abeiro desta convocatoria serán válidos para a do curso 2020-2021 (coas modificacións necesarias, de ser o caso).

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

O secretario xeral de Política Lingüística

Valentín García Gómez

O director xeral de Educación, Formación  
Profesional e Innovación Educativa

Manuel Corredoira López



**Xacobeo 2021**

